



## **PROGRAMA MAÑANCEIRO** **CURSO ESCOLAR 2018/2019**

### **¿Que é o Programa Mañanceiro?**

É un programa de protección, vixilancia e almorzo dos escolares nos centros de Educación Infantil e Primaria do municipio de Cambre, a primeira hora da mañá, antes do comezo das clases.

**Dirixido ao** alumnado dos Centros de Educación Infantil e Primaria do municipio de Cambre.

**Requisitos:** Estar empadroadado no Concello de Cambre.

Estar matriculados nun centro escolar de Educación Infantil e Primaria do municipio de Cambre.

**Prazo de inscrición:** Do **15 de xuño ao 16 de xullo de 2018**. Se hai prazas baleiras pódese solicitar praza ao longo de todo o curso.

**Lugar de presentación de solicitudes:** Presentar o formulario de solicitude do Programa Mañanceiro en calquera dos rexistros de entrada do Concello de Cambre (situados na Casa do Concello, na Casa das Palmeiras ou nas oficinas municipais da rúa Río Barcés nº 8, A Barcala). O formulario poderá descargarse da páxina web municipal ou recollerse nas oficinas de Educación ou en calquera dos rexistros municipais.

### **Condicións do programa:**

**Duración:** de luns a venres, os días lectivos segundo o calendario escolar do curso escolar 2018/2019.

**Horario:** de 7:30 ata o comezo das clases do centro escolar.

**Persoal:** monitores e monitoras cualificadas que farán actividades de tempo baleiro e camareiros e camareiras para servir o almorzo (no caso de levarse a cabo esta opción).

### **Opcións:**

**1. Temporalidade:** Mes completo ou días soltos.

**2. Modalidade:** Con almorzo ou sen almorzo.

**Prazas:** mínimo 13, máximo 26 por centro (o número máximo de prazas por centro poderá aumentarse se hai demanda e presuposto suficiente para facelo). Terá preferencia o alumno/a que o solicite o mes completo para todo o curso

Para comezar o programa nun centro e que haxa opción de almorzo é necesario un grupo mínimo de 13 alumnos inscritos no mes completo, salvo nos CEIP EGL de Brexo-Lema e GTB de Sigrás que é necesario un grupo cun mínimo de 6 solicitantes.

**IMPORTANTE:** O participante non poderá modificar, sen previo aviso no Concello de Cambre, a modalidade solicitada (con ou sen almorzo; mes completo ou días soltos).

Unha vez posto en marcha o programa nun centro escolar sen a modalidade de almorzo, ao longo do curso non se poderá incluír.

### **Documentación:**

### 1.- No prazo de solicitude:

- Ficha de solicitude (pódese recoller en calquera dos rexistros municipais, departamento de Educación ou páxina Web) • Documentación necesaria para aplicar as reducións solicitadas.

### 2.- Se houberse máis solicitudes que prazos:

Trala valoración das solicitudes presentadas no prazo establecido, nun prazo de 10 días deberá presentar a documentación requirida polo Concello á que se fai referencia no apartado 2º da ficha de inscrición.

### Tarifas:

O Concello subvenciona o 30% do 100% das tarifas. Os pais, nais ou titores terán que aboar á empresa adxudicataria do servizo as seguinte **tarifas**:

	<b>CEIP GRAXAL CEIP PORTOFARO</b>	<b>CEIP WENCESLAO FDZ. FLÓREZ CEIP EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ CEIP GONZALO TORRENTE BALLESTER</b>
<b>CON ALMORZO</b>	Mes completo:29,40 euros *Días soltos:1,26 euros	Mes completo:40,60 euros *Días soltos:1,40 euros
<b>SEN ALMORZO</b>	Mes completo:19,60 euros *Días soltos:0,77 euros	Mes completo:27,51 euros *Días soltos:0,84 euros

\* Os días soltos contabilízanse ata 12 días, a partir do 13º día cobrarase o mes completo.

O cobro do mes completo será mensual por transferencia bancaria, a través da empresa adxudicataria do servizo e dos días soltos trimestralmente. Cobrarase o importe correspondente á modalidade solicitada.

### Reducións:

O Concello de Cambre costeará as seguintes porcentaxes sobre a tarifa aprobada:

- 1.- O 50% pola situación de **desemprego** dun dos seus proxenitores e o 100% se están os dous. Para o que a persoa que o solicite deberá achegar fotocopia compulsada da tarxeta de demandante de emprego e a súa renovación cada vez que sexa renovada.
- 2.- O 50% a **familias numerosas** en caso de ter un alumno beneficiario, 60% en caso de dous beneficiarios, 70% en caso de tres beneficiarios, 80% en caso de catro beneficiarios, 90% en caso de cinco beneficiarios e 100% en caso de 6 beneficiarios ou máis, a cada un dos participantes, para o que a persoa que o solicite deberá achegar fotocopia do título de familia numerosa.
- 3.- O 100% a **familias monoparentais** (composta por un único proxenitor/a que non conviva con outra persoa coa que manteña relación análoga á conxugal e os fillos e fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor non contribúa economicamente ao seu sustento). Para o que a persoa que o solicite deberá achegar fotocopia compulsada do libro de familia e da documentación que xustifique dita situación.
- 4.- O 100% a familias con fillos con **discapacidade**, en idade escolar. Para o que a persoa que o solicite deberá achegar fotocopia compulsada do certificado de minusvalía.
- 5.- Así mesmo, costeará o 100 % dos alumnos que o soliciten, tras un **informe remitido polos Servizos Sociais do Concello de Cambre**.

En calquera caso as reducións non son acumulables.